

**TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS**
**Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia**
**Técnicas de documentación gráfica dos bens pictóricos II**
**Departamento: Técnicas de documentación dos bens culturais**
**Formación básica**
**Curso: 3º pintura**
**2º Cuadrimestre**
**2 ECTS**
**Teórico-práctica**
**Profesora: Emma Pérez Teijeiro**
[epteijeiro@edu.xunta.gal](mailto:epteijeiro@edu.xunta.gal)
**Horario: 2 horas semanais**
**DESCRIPCIÓN DA MATERIA**

– Principios e técnicas dos métodos gráficos para a documentación dos bens culturais pictóricos. Aplicación á diagnose, conservación e restauración.

**COMPETENCIAS TRANSVERSAIS**

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e críticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara a diversidade.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

**COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN**

X4	Determinar os exames ou análises precisos e avaliar os seus resultados.
X9	Coñecer e aplicar a deontoloxía profesional e a normativa relativa aos bens culturais e a súa conservación e restauración.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros/as profesionais establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinar.
X18	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural.
X20	Ter a capacidade para obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación e restauración.

**COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE PINTURA**

EP4	Planificar, documentar e facer o seguimento do proceso de conservación e restauración dos bens pictóricos, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente
EP10	Utilizar os recursos que as novas tecnoloxías facilitan para o desenvolvemento do exercicio

profesional.

**COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA**

Aplicación de programas informáticos de xestión documental en CR.

Adquisición de coñecementos de traballo con imaxes dixitais e elaboración de gráficos e planos para dar resposta a problemas formulados en CR.

Capacidade para realizar simulacións en 3D.

**UNIDADES DIDÁCTICAS**

Unidades	Subtemas	% da materia
Aplicación práctica das técnicas gráficas para a documentación e diagnose dos bens culturais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Conceptos, criterios, metodoloxía</li> <li>• Exemplos prácticos</li> </ul>	10 %
Introdución ao 3D	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Modelado</li> <li>• Texturizado</li> <li>• Iluminación</li> <li>• Renderizado</li> </ul>	30 %
Introdución á fotogrametría dixital	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manexo das diferentes técnicas precisas para a edición fotogramétrica. Toma de imaxes</li> <li>• Manexo do software específico para os traballos de fotogrametría</li> <li>• Posprocesado.</li> </ul>	50 %
Saída e difusión	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exportación e compatibilidade de formatos</li> <li>• Difusión na rede. Impresión 3D</li> </ul>	10 %

**PLANIFICACIÓN DOCENTE**

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesión maxistral	17		17
Traballos tutelados	10	20	30
Prácticas e estudos de casos	3		3
<b>Total</b>	<b>30</b>	<b>20</b>	<b>50</b>

**METODOLOXÍA DOCENTE**

Metodoloxía	Descrición
Sesións maxistrais	Exposición por parte do profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices do traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Traballos tutelados e prácticas	Resolución de propostas e exercicios, de forma cooperativa e/ou individual, a partir de obxectos reais.

**SISTEMAS DE AVALIACIÓN**
**AVALIACIÓN CONTINUA**

Para poder optar por esta vía é obrigado asistir habitualmente ás aulas (cunha porcentaxe igual ou superior ao 75% delas) e entregar todos os traballos propostos ao longo do curso.

Os traballos entregaranse sempre no prazo establecido. A entrega tardía inxustificada (a xuízo da profesora) das tarefas penalizarase con 1 punto menos en cada traballo.

Método	Criterios	% avaliación
Exercicios de Blender	<ul style="list-style-type: none"> <li>Puntualidade na entrega.</li> <li>Grao de aplicación de conceptos teóricos e corrección no desenvolvemento do exercicio.</li> <li>Claridade e eficacia na expresión e na forma.</li> </ul>	30 %
Proxecto completo fotogramétrico que poden desenvolver tanto nas aulas como no exterior. Sempre baixo a supervisión continuada da profesora.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Puntualidade na entrega.</li> <li>Grao de aplicación de conceptos teóricos e corrección no desenvolvemento do exercicio.</li> <li>Claridade e eficacia na expresión e na forma.</li> </ul>	60 %
Observación sistemática a través do seguimento do traballo na aula.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Asistencia, participación e interese.</li> <li>Responsabilidade no traballo.</li> <li>Capacidade de organización.</li> </ul>	10 %

### **AVALIACIÓN ORDINARIA PARA OS ALUMNOS CON PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA**

Entrega de traballos propostos e realizados ao longo do curso coa supervisión da profesora e/ou en período de recuperación.	40%
Exame teórico-práctico	60%
<b>AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA</b>	
Exame teórico-práctico	100%

### **ATENCIÓN PERSONALIZADA**

Ofreceráse atención personalizada presencial e a través do correo electrónico ao alumnado durante todo o curso. As titorías docentes desenvolveranse no horario establecido para esta finalidade.

### **BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA**

Lerma García, José Luis.: Fotogrametría moderna: Analítica y digital. Ed. UPV, Valencia 2001.

### **OBSERVACIONES**

Usarase a plataforma Moodle para completar esta guía docente, para deixar material didáctico para o alumnado, para formalizar a entrega de traballos e para outros usos relacionados coa materia. O uso desta plataforma é obrigatorio.